

## **MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS NO ÁMBITO DO PLAN GALEGO DE REHABILITACIÓN, ALUGUER E MELLORA DO ACCESO Á VIVENDA 2015-2020.**

Santiago de Compostela,

### **REUNIDOS**

Dna. Ángeles Vázquez Mejuto, Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en virtude da atribucións que lle confire o Decreto 94/2018, do 26 de setembro, do seu nomeamento (DOG nº 185, do 27 de setembro), na súa calidade de Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, de 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG nº 147, do 5 de agosto).

Doutra parte, D. Alfredo L. García Rodríguez, Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante, Fegamp), nomeado na Asemblea Xeral da Fegamp celebrada o 30 de outubro de 2015, exercendo as atribucións que os estatutos lle confiren por razón do seu cargo.

As partes declaran a plena vixencia das facultades coas que actúan e recoñécense capacidade legal suficiente para outorgar a presente Modificación do Convenio e

### **MANIFESTAN**

I. O 3 de maio de 2016 o IGVS e a Fegamp asinaron un convenio para o desenvolvemento do Programa de vivendas baleiras no ámbito do Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020.

Como consecuencia da execución deste convenio, desde o ano 2016 e ata o 1 de abril de 2019, adheríronse a este programa 64 concellos.

II. O 12 de abril de 2018 aprobouse polo Consello da Xunta, a instancia da Secretaría Xeral de Emigración, a Estratexia Retorna, 2020 para favorecer o retorno a Galicia dos galegos/as residentes no estranxeiro e, no seu caso, dos seus descendentes e, ao mesmo, axudar a superar o reto demográfico que ten Galicia. Entre as medidas transversais que prevé esta estratexia figuran as destinadas a favorecer o acceso á vivenda, as cales se canalizarán a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).

III. En virtude do anterior, o IGVS considera oportuno permitir que os concellos de Galicia de menos de 20.000 habitantes adheridos ao Programa de vivendas baleiras e que voluntariamente manifesten a súa intención de ser concellos receptores de emigrantes retornados, poidan facilitar e axilizar o acceso á vivenda en alugueiro ás unidades de



convivencia deste colectivo interesadas en residir nos concellos de referencia. Con esta finalidade, estímase conveniente prever a posibilidade de que estes concellos reserven vivendas para este colectivo, dentro do procedemento de adjudicación de vivendas deste programa.

Por outra banda, debido á suba do prezo das rendas dos contratos de alugamento en todo o territorio nacional, considérase necesario incrementar o límite máximo da renda das vivendas incorporadas a este programa, previsto na cláusula 5ª do convenio de 3 de maio de 2016. Deste xeito e por razóns de homoxeneidade entre os programas xestionados polo IGVS, estímase apropiado aplicar os mesmos límites máximos de renda que os establecidos no Programa de bono alugueiro social.

Polo exposto, procede tramitar esta modificación do citado convenio do 3 de maio de 2016, que ten ademais como fundamento principal a adopción dunha medida que axude a reverter a constante perda de poboación na maioría dos concellos de Galicia, así como favorecer a incorporación de vivendas a este programa nunhas condicións máis axeitadas ao mercado actual de vivendas en réxime de alugamento.

II. Para estas finalidades, considerase necesario realizar unha modificación do Convenio de colaboración asinado o 3 de maio de 2016, no sentido de introducir as seguintes previsións:

1. Na cláusula terceira. Obrigas do IGVS, engádesse, como último parágrafo, o seguinte:

“O IGVS comunicará puntualmente á Secretaría Xeral de Emigración a relación dos concellos que se adhiran á presente addenda, para os efectos de ser concellos receptores de emigrantes retornados. Ademais, manterá actualizada a súa páxina web coa relación dos concellos adheridos a este programa, con indicación dos concellos receptores de emigrantes retornados.

O IGVS formalizará os acordos ou adoptará as medidas que sexan oportunas para materializar as solicitudes dos emigrantes retornados interesados en establecerse nos concellos que manifestarán o interese en ser receptores de emigrantes retornados.”

2. Introdúcese unha nova cláusula Cuarta bis. *Obrigas dos concellos receptores de emigrantes retornados*, coa seguinte redacción:

“Cuarta bis. *Obrigas dos concellos receptores de emigrantes retornados*

Os concellos de Galicia de menos de 20.000 habitantes que se adhiran ao programa de vivendas baleiras e que voluntariamente manifesten a súa intención de ser concellos receptores de emigrantes retornados, poderán recoñecerlle a este colectivo a condición de grupo preferente nos procedementos de selección de adjudicatarios.

Para estes efectos, considéranse emigrantes retornados as persoas galegas e nadas en Galicia solicitantes que residindo fora de España retornen a Galicia, tendo permanecido no estranxeiro polo menos 3 anos. Entenderase asimilado a galego/a retornado/a os seus cónxuxes e as persoas con análoga relación á conxugal e os descendentes.

Os concellos receptores de emigrantes retornados comprométense a realizar as xestións oportunas para tratar de por a disposición deste colectivo as vivendas necesarias que permitan, no seu caso, fixar a súa residencia no concello de referencia. Con esta finalidade, nos procedementos de adjudicación de



vivendas os concellos receptores de emigrantes retornados poderán establecer reservas de vivendas para ser adxudicadas ao citado colectivo.”

3. No apartado 2. Procedemento de selección de arrendatarios e adxudicación de vivendas da súa cláusula quinta. *Adhesión ao convenio*, modifícanse os prezos máximos da renda do alugueiro, que pasan a ter o seguinte contido:

“Finalmente, no procedemento de adxudicación de vivendas deberá establecerse un prezo máximo da renda do alugueiro, que non poderá ser superior aos seguintes importes, en función da localidades onde estea situada a vivenda:

a) 450 €, para as vivendas situadas nos seguintes concellos: A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

b) 400 €, para as vivendas situadas nos seguintes concellos:

- Provincia da Coruña: Ames, Ares, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Cee, Cedeira, Culleredo, Fene, Melide, Mugardos, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Ribeira, Sada e Teo.

- Provincia de Lugo: Burela, Cervo, Chantada, Foz, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba, Viveiro,

- Provincia de Ourense: Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia.

- Provincia de Pontevedra: A Estrada, A Illa de Arousa, Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Gondomar, Lalín, Marín, Moaña, Mos, Nigrán, O Grove, O Porriño, Poio, Ponteareas, Pontecesures, Redondela, Sanxenxo, Tui, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

c) 350 €, para as vivendas situadas no resto de concellos.”

E en proba de conformidade, asinan esta modificación do Convenio do 3 de maio de 2016, por duplicado no lugar e data arriba indicados.

Polo IGVS

Pola Fegamp

(Asinado electronicamente)

(Asinado electronicamente)

Ángeles Vázquez Mejuto

Alfredo L. García Rodríguez

